

CONVOCATORIA III EDICIÓN DO CONCURSO DE VÍDEOS VÉMOLO NÓS CURSO 2024-2025

De acordo cos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, publicado no DOG do 14 febreiro de 2014), que establecen no seu artigo 3 que o galego é a lingua propia da USC e que potenciará e garantirá o uso pleno en todos os ámbitos, no marco das súas competencias, a Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación, a través do Servizo de Normalización Lingüística e as Comisións de Normalización Lingüística dos centros co fin de promover o uso da lingua galega convoca un concurso de vídeos dirixido á comunidade universitaria da USC.

Os obxectivos deste concurso son: promover a produción e a difusión de vídeos curtos e orixinais que fomenten o galego como lingua de divulgación científica e que acaben por constituír un compendio de materiais audiovisuais útiles para a docencia no ámbito universitario; facer que a comunidade universitaria teña como referentes produtos audiovisuais de calidade á súa disposición que sirvan de modelo para a creación deste tipo de materiais; coñecer a historia da USC a través das personaxes e dos fitos que deixaron pegada na súa traxectoria; e, por último, conseguir que se amose a utilidade do galego na futura vida laboral dos universitarios e universitarias.

En consecuencia resolve convocar a III EDICIÓN DO CONCURSO DE VÍDEOS VÉMOLO NÓS nos seguintes termos:

1. DESTINATARIOS/AS

Poderán presentarse a estes premios os membros da Comunidade Universitaria da USC no curso académico 2024/2025.

2. REQUISITOS

Tanto o audio coma os textos do vídeo, se os houber, deberán estar en galego. O produto final poderá estar subtitulado a outras linguas. Pódese participar tanto de maneira individual coma en grupo, tendo en conta que todos eles deberán pertencer á comunidade universitaria. Os traballos presentados deben ser inéditos e orixinais. O vídeo terá unha duración de menos de 5 minutos e serán válidos tanto formatos horizontais como verticais.

3. PREMIOS

Concederanse os seguintes premios para cada categoría:

A. Divulgación do coñecemento.

- 1º premio: **1.500 €** (mil cincocentos euros)
- Finalista: **300 €** (trescentos euros)

B. Descubrindo a USC.

- 1º premio: **1.500 €** (mil cincocentos euros)
- Finalista: **300 €** (trescentos euros)

C. Protagonista: o galego.

- 1º premio: **1.500 €** (mil cincocentos euros)
- Finalista: **300 €** (trescentos euros)

Os premios financiaranse con cargo á partida orzamentaria 8051-3060-28533 do Servizo de Normalización Lingüística para o exercicio 2025. Do importe do premio practicarase as retencións legais pertinentes (IRPF).

Existe a posibilidade de outorgar os premios a varios traballos *ex aequo*. Neste caso o importe repartirase a partes iguais.

No caso de que o xurado considere que ningún dos traballos presentados acada un nivel axeitado poderanse declarar os premios desertos.

A USC poderá organizar un ou varios actos de entrega dos premios.

4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes abrirase ao día seguinte da publicación desta convocatoria no taboleiro electrónico da USC e rematará o **5 de setembro de 2025**.

A presentación realizarase a través do Rexistro Electrónico da Sede Electrónica da USC mediante o procedemento “solicitud xenérica”.

Como medio de identificación e sinatura deberán empregarse as credenciais como membro da comunidade universitaria.

No despregable correspondente ao órgano ao que vai dirixido deberase escoller “Servizo de Normalización Lingüística”.

No asunto da solicitude deberase consignar “III EDICIÓN DO CONCURSO DE VÍDEOS VÉMOLO NÓS” seguido da categoría en que se vai participar. Cómpre indicar no texto da solicitude os seguintes datos:

- Título do traballo
- Breve motivación
- Nome e apelidos e DNI, de cada persoa participante
- Teléfono e correo electrónico de contacto
- Vinculación coa USC (PDI, estudiantado, PAS)
- Categoría ou categorías ás que se presenta
- Ligazón do vídeo que deberá estar subido na nube ou a unha plataforma (*Youtube, Vimeo...*).

5. RESOLUCIÓN

O xurado, formado por un representante das Comisións de Normalización Lingüística dos distintos centros, un membro do Gabinete de Comunicación da USC, dous técnicos do SNL, dos cales un actuará como secretario, e o director do SNL, que actuará como presidente, valorará os vídeos presentados conforme aos seguintes criterios:

Xerais:

- Calidade técnica
- Relevancia do asunto na comunidade universitaria
- A corrección lingüística e o rigor científico e académico.
- A introdución da perspectiva de xénero e da diversidade social e cultural.

Específicos para cada categoría:

A. Divulgación de coñecemento

Vídeos que acheguen explicacións, aproximacións ou referencias a un asunto científico ou académico de maneira que poida ser accesible de forma clara.

B. Descubrindo a USC

Vídeos que se acheguen á USC e á súa historia. A USC conta con máis de 500 anos de historia e supuxo durante todo este tempo un espazo de transformación social e territorial. Por ela pasaron persoeiros que mudaron a contorna do seu presente e transcenderon cara ao futuro, nela aconteceron feitos históricos salientables, a través dela chegou o coñecemento académico que se estaba a desenvolver noutros lugares do mundo.

C. Protagonista: o galego

Vídeos que mostren a utilidade do idioma galego no futuro profesional ou que destaquen aspectos importantes desta lingua.

Unha vez avaliadas todas as solicitudes admitidas, ditarase resolución onde constará a decisión do xurado e publicarase no taboleiro electrónico da USC e na web do Servizo de Normalización Lingüística. Ademais, informarase dos premios a través do Xornal da USC.

O SNL comunicaralles ás persoas gañadoras a concesión do premio ou mención mediante unha chamada telefónica e/ou correo electrónico.

Os vídeos presentados quedarán en poder da USC, quen se reserva o dereito de empregalos para a súa exposición pública.

Os participantes serán os únicos e exclusivos responsables dos contidos dos vídeos en cantos a esixencias legais de dereitos de imaxe ou plaxio segundo as leis vixentes.

6. PROCESO DO CONCURSO

O proceso do concurso poderase seguir a través do sitio web do Servizo de Normalización Lingüística, onde se publicarán as listaxes de participación e a resolución do concurso.

A participación no concurso implica necesariamente o acatamento do que se expón nesta convocatoria.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela e Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Porén, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito ata que non se dite a resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Gumersindo Feijoo Costa
Vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación

(por delegación de competencias, RR. do 21 de abril de 2022 e modificada por RR do 26 de setembro de 2023)

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: GUMERSINDO FEIJOO COSTA, VICERREITOR DE TRANSFORMACION DIXITAL E INNOVACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 28/05/2025 12:03:13.

CSV: 8B52-5528-4EF7-92C9